

Informe sobre o Índice de comercio polo miúdo


Período de referencia: maio de 2025

Data de publicación: 27/06/2025

Principais resultados

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia un incremento do 5,3% no mes de maio de 2025 con respecto a maio de 2024. En España o aumento foi do 5%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 3,8% e no Resto de produtos un 4,8%.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes crece un 4,5% en Galicia en maio de 2025 con respecto ao mesmo mes de 2024. En España medra un 4,7%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa interanual do 0,1% en Galicia e do 1,4% en España.

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes
Taxa de variación interanual (%)



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes crece un 5,3% en Galicia e un 5% en España en maio de 2025 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

O índice xeral sen estacións de servizo medra un 4,2% en Galicia e un 4,6% en España respecto a maio de 2024. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa a facturación un 3,8% en Galicia e un 5,2% en España.
- O Resto de produtos medra un 4,8% en Galicia, mesmo crecemento que no conxunto do país.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Maio 2025

	ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Galicia			
Xeral	102,7	5,3	2,4
Xeral sen estacións de servizo	100,5	4,2	1,6
Alimentación	97,3	3,8	2,5
Resto	106,5	4,8	1,1
España			
Xeral	110,3	5,0	3,1
Xeral sen estacións de servizo	108,9	4,6	3,0
Alimentación	105,0	5,2	3,5
Resto	117,2	4,8	3,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Nos cinco primeiros meses do ano, as vendas minoristas aumentan un 2,4% en Galicia, sete décimas menos que en España (3,1%). Rexístrase un incremento das vendas en Alimentación (2,5% en Galicia e 3,5% en España). No Resto de produtos o crecemento é do 1,1% en Galicia e do 3,1% en España.


2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en taxa interanual en todas as comunidades autónomas. As comunidades con maiores incrementos son Cantabria (7,6%) e Castilla-La Mancha (7%).

No que vai de ano, o índice aumenta en todas as comunidades autónomas. As taxas máis altas preséntanse en Murcia (5%) e País Vasco (4,7%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Abril 2025

Taxas de variación (%)



3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 4,5% en Galicia e un 4,7% en España no mes de maio de 2025 con respecto a maio de 2024.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 4,7% en Galicia e do 5,7% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas aumentan un 4,8% tanto en Alimentación coma no Resto de produtos. En España, rexístrase un incremento do 7,2% nas vendas en Alimentación e do 4,7% no Resto de produtos.

Nos cinco primeiros meses do ano, o índice medra un 2,2% en Galicia e un 3,3% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 3,3% en Galicia, menos que en España (5,2%). As vendas no Resto de produtos aumentan en Galicia (1,3%) e en España (3,1%).

Índices de comercio polo miúdo a prezos correntes. Maio 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Galicia			
Xeral	123,5	4,5	2,2
Xeral sen estacións de servizo	122,9	4,7	2,2
Alimentación	127,0	4,8	3,3
Resto	119,9	4,8	1,3
España			
Xeral	133,0	4,7	3,3
Xeral sen estacións de servizo	133,4	5,7	4,0
Alimentación	138,2	7,2	5,2
Resto	129,7	4,7	3,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,1% no mes de maio en Galicia e do 1,4% no conxunto do España.

No que vai do ano, a ocupación medra un 0,5% en Galicia e un 1,3% en España.

Índices de ocupación. Maio 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Galicia			
Xeral	103,4	0,1	0,5
Xeral sen estacións de servizo	103,1	-0,1	0,3
España			
Xeral	106,8	1,4	1,3
Xeral sen estacións de servizo	106,8	1,4	1,3


Fonte: INE

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

En maio, a ocupación no comercio minorista aumenta en todas as comunidades autónomas agás Asturias. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balear (3,3%) e Navarra (2,8%).

Índice xeral de ocupación. Abril 2025

Taxas de variación (%)



No acumulado do ano, a ocupación aumenta en quince comunidades autónomas. Illes Balears (3,1%), Canarias (2,5%) e Navarra (2,5%) rexistran os maiores incrementos. Perde persoal ocupado Asturias (-0,3%) e Extremadura mantense sen variación.

Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.